



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2012.**

**ASISTENTES**

Alcalde: Gonzalo Durán Hermida

Concelleiros/as:

Partido Popular (P.P): Julio Varela Núñez; Áurea Bermúdez Oubiña; Ana María Carballa Magariños; María Rosa Rodríguez Lago; Manuel Sineiro Cores; José Luis Novo Galbán; Nuria Morgade Pouso; Alejandro Costa Piñeiro; Benito Portas Blanco e José Portas Núñez; Dorinda Rosa Pérez González.

PSdeG-PSOE: María José Vales Martínez; María Ángeles Pérez Piñeiro e José Luis Tourís Oubiña.

BNG: María do Carme Alfonso Leiro e Juan Luis Nogueira Moure.

Secretario Xeral: Javier Bouzada Romero.

=====

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 20,35 horas do día 30 de novembro de 2012, previa convocatoria, reúnen-se en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as integrantes do Pleno da Corporación relacionados co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación.

Na sesión tratáronse os seguintes asuntos:

**1º.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO JOSÉ LUIS TOURÍS OUBIÑA.-**

Trala presentación da oportuna credencial, procedeuse ao acto de toma de posesión do concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, José Luis Tourís Oubiña que, prometeu o seu cargo utilizando a fórmula legalmente establecido. Acto seguido o alcalde lle declarou oficialmente como concelleiro desta Corporación, pasando a sentarse no sitio asignado no salón de sesións aos concelleiros do seu grupo.

**2º.- APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA OS DÍA 30 DE XANEIRO DE 2012.-**

Sometidas a votación resultou aprobada por 12 votos a favor (PP) e 5 abstencións (PSdeG-PSOE e BNG).

**3º.- ENTREGA DE COPIA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2012.-**



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

Acto seguido faise entrega aos voceiros dos grupos políticos municipais do PSdeG\_PSOE e do BNG das copias das resolucións da Alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario celebrado o día 28 de xaneiro de 2012.

**4º.- DENOMINACIÓN DUN PARQUE EN VILAMAIOR.-**

Polo secretario dáse lectura ao seguinte ditame da Comisión Informativa de RÉXIME INTERIOR, RECURSOS HUMANOS, EDUCACIÓN, ECONOMÍA, FACENDA E PATRIMONIO celebrada o día 26 de marzo de 2012:

“ Polo Secretario dase lectura á seguinte proposición da Alcaldía: *“O pasado mes de febreiro cumpriuse o cincuenta cabodano do pasamento do ilustre escritor e periodista vilanovés **JULIO CAMBA.***

*Sería prolixo enumerar neste escrito todas os méritos deste fillo de Vilanova. Pero ao marxe do seu recoñecemento de que foi obxecto pola crítica especializada no seu tempo e con posterioridade, cumpre aproveitar esta efeméride para reforzar aínda máis o sentimento de agradecemento de Vilanova para cun dos seus fillos mais ilustres, perpetuando a súa memoria dando o seu nome á denominación dun parque público preto da súa casa natal.*

*De aí que esta Alcaldía propoña ao Pleno, previo ditame da comisión informativa que corresponda, a Adopción do seguinte*

**ACORDO**

*Que a zona axardinada do recheo coñecida como “Ribeira das Leiras” no lugar de Vilamaior, en Vilanova, pase a denominarse PARQUE JULIO CAMBA.- En Vilanova de Arousa a 19 de marzo de 2012.O ALCALDE.”*

Aberto o acto pola voceira do BNG D<sup>a</sup> Carmela Alfonso Leiro se manifesta que o seu grupo se vai a abster. Sometido a proposta a votación foi aprobada por cinco votos a favor (PP e PSdeG-PSOE) e unha abstención (BNG)., polo que se ditamina o asunto favorablemente e se propón ao Pleno que se adopte o seguinte acordo:

*“Que a zona axardinada do recheo coñecida como “Ribeira das Leiras” no lugar de Vilamaior, en Vilanova, pase a denominarse PARQUE JULIO CAMBA.”*

Aberto o debate, tras unha breve exposición do sentido do seu voto polos portavoces dos grupos políticos municipais, foi sometido o asunto a votación sendo aprobado por unanimidade, polo que o Pleno acorda:

*“Que a zona axardinada do recheo coñecida como “Ribeira das Leiras” no lugar de Vilamaior, en Vilanova, pase a denominarse PARQUE JULIO CAMBA.”*

**5º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O ALLEAMENTO DO TERREO DE CESIÓN OBRIGATORIA AO CONCELLO DO DENOMINADO “SECTOR DEIRO”.**

Acto seguido polo Secretario Xeral dáse lectura á seguinte ao seguinte ditame da Comisión Informativa de RÉXIME INTERIOR, RECURSOS HUMANOS, EDUCACIÓN, ECONOMÍA, FACENDA E PATRIMONIO celebrada o día 26 de marzo de 2012:



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

"Antes da dar comezo o debate do seguinte asunto, a voceira do BNG D<sup>a</sup> Carmela Alfonso Leiro solicitou do presidente a presenza na sala do Arquitecto Municipal D. Alejandro Arias Novas para que aclarase algúns aspectos da valoración do terreo a allear. O dito arquitecto foi explicando pormenorizadamente os distintos parámetros da súa valoración, recoñecendo que existía un erro no informe no relativo á superficie da parcela matriz do sector, solicitando que se lle permitise a súa subsanación incorporando o informe corrixido ao expediente antes do pleno desta tarde.

Sometido o asunto a ditame, este foi emitido en sentido favorable por 4 votos a favor (PP) e 2 abstencións (PSdeG-PSOE) e BNG, polo que se eleva o asunto ao Pleno coa proposta de adopción do seguinte acordo:

**"Primeiro.-** *Aprobar o expediente de contratación para o alleamento do terreo de cesión obrigatoria ao concello no denominado "Sector Deiro".-*

**Segundo.-** *O dito expediente seguirá os trámites do procedemento aberto con tramitación ordinaria.*

**Terceiro.-** *Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación.*

**Cuarto.-** *Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación facultando expresamente ao Sr. Alcalde para realizar cantas actuacións sexan precisas para o impulso do seu trámite."*

Aberto o debate toma a palabra a voceira do BNG D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carme Alfonso Leiro quen manifesta que o seu grupo municipal se vai a abster na votación do asunto por entender que con convenio urbanístico asinado se van a defender intereses alleos aos pequenos e medianos comerciantes da comarca.

Polo PSdeG-PSOE D. José Luis Tourís Oubiña manifesta que o seu grupo tamén se vai a abster xa que todos os seus membros non participaron no debate do denominado Sector Deiro.

Antes do someter o asunto a votación o Sr. Alcalde manifesta que a valoración da percela efectuado polo Arquitecto municipal ascende a contía de 1.011.376 euros.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 12 votos a favor (PP) e 5 abstencións (PSdeG-PSOE e BNG), polo que o Pleno acorda:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación para o alleamento do terreo de cesión obrigatoria ao concello no denominado "Sector Deiro".-

**Segundo.-** O dito expediente seguirá os trámites do procedemento aberto con tramitación ordinaria.

**Terceiro.-** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación.

**Cuarto.-** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación facultando expresamente ao Sr. Alcalde para realizar cantas actuacións sexan precisas para o impulso do seu trámite.

## **6º ROGOS E PREGUNTAS.**

### **A) DO BNG:**



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

ayuntamiento@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tífnos. 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax. 986 554 069

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carme Alfonso Leiro formulou as seguintes preguntas:

1) Contía da débeda con acredores non incluídos na certificación de débedas pendentes de pago. O Sr. Alcalde manifesta que dita pregunta lle será contestada pola Interventora Xeral nun pleno extraordinario.

2) Número de acredores e contía da débeda recoñecida e non recoñecida do concello anterior a 2007 que perderon o dereito de cobro por prescrición. O Sr. Alcalde manifesta que dita pregunta lle será contestada pola Interventora Xeral nun pleno extraordinario.

3) Xestión realizadas ante a Consellería de Sanidade para transferir os centros de saúde.- O Sr. Alcalde manifesta que desde o ano 2006 en que se asinou o pacto local foron moi poucos os centros de saúde transferidos debido a obriga de traspasar a titularidade dos mesmos, feito co que non está de acordo, engadindo que, non obstante, hai pouco o SERGAS se fixo cargo do custes das liñas de telefonía e ADSL

4) Sobre os verquidos no Río Umia. O Alcalde manifesta que a Xunta está a estudar unha solución a este problema que seguro que o vai a resolver, ao contrario do que fixo o bipartito.

### **B) DO PSdeG-PSOE:**

1) D<sup>a</sup> María José Vales pregunta cando será o Pleno que trate o Plan de Axuste. O Alcalde lle contesta que sen dúbida será esta semana, en canto a Interventora remate o seu traballo.

2) José Luis Cores Tourís formula as seguintes preguntas:

--Sobre a problemática do Colexio de Tremeoedo en canto a reparacións do tellado, contestándolle o alcalde que se procederá á reparación en canto a Deputación contrate a traballadores, pero que non haberá fondos directos do concello.

--Sobre a contratación da esposa do xerente da Mancomunidade do Salnés. O Alcalde lle contesta que está contratada como funcionaria eventual en substitución da asesora de prensa que está de baixa por IT desde hai meses.

--Por último formula o rogo de que se publiquen bandos polas parroquias para un adecuado uso do abastecemento de auga debido a sequía, aceptándose polo Alcalde.

E non habendo máis asuntos de que tratar polo Sr. Alcalde se levantou a sesión sendo as 20,55 horas, do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.